

Prazas ofertadas: 80 prazas.

Terceira.-Solicitudes de participación.

Prazo de inscrición e presentación: o prazo de inscrición e presentación de solicitudes de participación rematará o día 11 de decembro de 2009.

Para inscribirse os solicitantes formalizarán a solicitude de participación que se encontra na páxina web da Agasp <http://agasp.xunta.es>, na alínea Actividades formativas, cursos con inscrición aberta, non sendo admisibles outros modelos de solicitude, e remitirana telematicamente.

Esta mesma solicitude, unha vez remitida a través da web, deberán imprimila, asinala o/a solicitante e obter tamén a sinatura da autoridade do concello da que dependa, enviándoa á Academia Galega de Seguridade Pública, avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, a través do fax 886 20 61 22, por correo postal ou segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Listaxe de solicitudes seleccionadas: o día 15 de decembro de 2009 a Academia Galega de Seguridade Pública publicará no taboleiro de anuncios e no sitio web <http://agasp.xunta.es>, as solicitudes de participación que resultaren seleccionadas segundo os criterios previstos no artigo 20 do Regulamento de réxime interior da Agasp (Orde do 4 de febreiro de 2009, DOG número 30, do 12 de febreiro), en relación co artigo 45 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

Obrigas das persoas seleccionadas: as persoas que resulten seleccionadas teñen a obriga de participar no desenvolvemento da actividade, agás que comuniquen a súa imposibilidade de asistencia con cando menos 48 horas de antelación ao comezo desta. Esta renuncia deberase comunicar por escrito á Agasp, por correo electrónico ao enderezo formación.agasp@xunta.es ou por fax ao número 886 20 61 22.

Noutro caso serán excluídas automaticamente da selección para as dez seguintes actividades que se convoquen, para as que reúna os requisitos exixidos de participación (artigos 18 e 21 do Regulamento de réxime interior da Agasp, en relación co artigo 46 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro).

Cuarta.-Desenvolvemento da actividade.

Lugar: Sede da Academia Galega de Seguridade Pública.

Horario:

-Día 18: xornada de tarde (das 16.00 ás 21.00 horas).

-Día 19: xornada de mañá (das 9.00 ás 14.00 horas) e tarde (das 16.00 ás 21.00 horas).

-Día 20: xornada de mañá (das 9.00 ás 14.00 horas).

Datas: 18, 19 e 20 de decembro de 2009.

Certificado de asistencia: ao remate da actividade entregaráselle un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada.

Materiais: o persoal admitido deberá presentarse a estas xornadas provisto de roupa deportiva e, no caso de ser posible, co material profesional de que dispoñan (grillóns, bastón policial, tonfa...).

Quinta.-Baremación da actividade.

Para os efectos do previsto nos anexos II e III da Orde do 28 de xaneiro de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG do 2 de febreiro, esta actividade terá unha baremación de 0,300 puntos.

Sexta.-Dereitos e deberes do alumnado participante.

Durante o desenvolvemento da actividade ao alumnado seralle de aplicación, en canto aos dereitos e deberes, o previsto no Regulamento de réxime interior da Agasp, aprobado por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 4 de febreiro de 2009 (DOG número 30, do 12 de febreiro).

Sétima.-Modificacións e incidencias.

A Academia Galega de Seguridade Pública poderá modificar o desenvolvemento normal da actividade para adaptala ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

A Estrada, 11 de novembro de 2009.

José Carlos García Bouzas
Director xeral da Academia Galega
de Seguridade Pública

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 5 de novembro de 2009 pola que se adhire unha entidade financeira ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, para a habilitación dunha liña de financiamento de circulante subsidiado e avalado para autónomos e microempresas e ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas polo que se establece unha liña de avais do Igape para facilitarlles ás empresas galegas o acceso a financiamento operativo adicional.

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 28 de xullo de 2009, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes facultar o seu presiden-

te para a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para a habilitación de liñas de financiamento de circulante subsidiado e avalado para autónomos e microempresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas. As ditas bases foron aprobadas mediante Resolución do 7 de setembro e publicadas mediante Resolución do 25 de setembro (DOG número 191, do 29 de setembro).

Xunto co texto das devanditas bases publicouse a relación das sociedades de garantía recíproca e das entidades financeiras que se adheriron ao convenio.

Na mesma reunión do 28 de xullo, o Consello de Dirección do Igape adoptou o acordo de aprobar o convenio de colaboración entre o Igape e as entidades financeiras adheridas, polo que se establece unha liña de avais do Igape para facilitarlles ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional. O seu contido fíxose público mediante Resolución do 25 de setembro (DOG número 191, do 29 de setembro).

Xunto co texto do antedito convenio publicouse a relación das entidades financeiras adheridas a el.

Co data do 20 de outubro de 2009 a entidade financeira *Banco Sabadell* ratificou a súa adhesión a ambos os convenios.

Polo que antecede, e en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Engadir a entidade financeira *Banco Sabadell* á relación de entidades financeiras adheridas ao convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación de liñas de financiamento de circulante subsidiado e avalado para autónomos e microempresas, asinado o 20 de setembro de 2009.

Segundo.-Engadir a entidade financeira *Banco Sabadell* á relación de entidades financeiras adheridas ao convenio polo que se establece unha liña de avais de Igape para facilitarlles ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional, asinado o 20 de setembro de 2009.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificios administrativos de San Caetano, 15771 Santiago de Compostela), nas súas delegacións territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirle á petición un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde un/ha funcionario/a con destino noutra Administración pública, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e nas demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderase declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo destino, e dun mes se radica en